

Por un consumo responsable e sostible

EROSKI INCORPORA UNHA NOVA BOLSA DE MALLA REUTILIZABLE COMO ALTERNATIVA ÁS BOLSAS DE PLÁSTICO EN FROITERÍA

- As novas bolsas de malla pódense reutilizar como mínimo ata 20 veces e son lavables
- Esta iniciativa súmase a outras melloras introducidas na sección de froitería, como o incremento de referencias vendidas por xunto ou a substitución do plástico nas bandexas dalgunhas froitas e verduras EROSKI Natur, entre outras
- EROSKI traballa nun proxecto para substituír as bolsas de plástico dun só uso actuais por outras de materiais compostables de orixe renovable que espera comezar a implantar ao longo do 2019
- O obxectivo de EROSKI é reducir para o 2025 polo menos nun 20% as toneladas de plásticos dun só uso que utiliza actualmente

Elorrio, 1 de xullo do 2019.- [EROSKI](#) incorpora unha nova bolsa de malla reutilizable como alternativa á bolsa de plástico dun só uso para a compra de froita e verdura por xunto no seu compromiso de facilitar que o consumidor poida adoptar patróns de consumo máis sostibles. As novas bolsas de malla son lavables, o que facilita a súa reutilización como mínimo ata en 20 ocasións. Están dispoñibles nalgúns supermercados e progresivamente iranse incorporando a toda a rede comercial.

"Traballamos para que os nosos produtos e tendas sexan cada vez máis sostibles. Esta nova iniciativa únese a outras melloras que desenvolvemos na sección de froitería, como o aumento de referencias vendidas por xunto, que superan xa o 60% do total, ou a substitución do plástico nas bandexas dalgunhas froitas e verduras da nosa marca propia EROSKI Natur por papel co selo FSC®. Actualmente traballamos nun proxecto para substituír totalmente as bolsas de plástico dun só uso por outras de materiais compostables de orixe renovable que comezaremos a implantar en tenda ao longo deste ano", explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

As bolsas de malla reutilizables véndense nun lote de catro unidades, teñen un tamaño de 35 cm x 30 cm e soportan un peso de 5 quilos. O seu uso é similar ao que ata agora se fixo coas bolsas de plástico; os clientes introducen nelas as froitas e verduras por xunto que desexan adquirir, pódena pechar cuns cordóns que teñen incorporados, pesan a compra na balanza e pegan a etiqueta correspondente para o seu pagamento ao pasaren por caixa. O adhesivo do peso pódese retirar doadamente tras a compra e a bolsa de malla pódese lavar se cómpre.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Reducir o consumo de plástico en 100 toneladas ao ano

Aínda que se estima que se pode reutilizar como mínimo 20 veces, só con reutilizala en máis de catro ocasións xa se reduciría o consumo de plástico respecto ao uso das bolsas dun só uso. Se todos os clientes usasen estas mallas no canto das de plástico, evitaríase o consumo de máis de 50 millóns destas bolsas nas tendas de EROSKI. Iso á súa vez suporía evitar o consumo de máis de 100 toneladas de plástico ao ano.

Outras medidas para reducir o uso do plástico

EROSKI traballa para se manter no grupo líder do sector na redución do impacto ambiental do plástico. O seu obxectivo é alcanzar no 2025 unha redución de polo menos o 20% das toneladas de plásticos dun só uso dos seus envases.

Para alcanzar este propósito, EROSKI puxo en marcha diversas medidas. Por exemplo, permítelle ao consumidor o uso dos seus propios envases reutilizables, como friameiras ou táperes, nas seccións de carnicería e peixería.

Ademais, tamén como parte da súa estratexia para loitar contra a contaminación por plásticos, EROSKI mantén o compromiso de ecodeseñar o 100% dos seus envases para o 2025 co fin de que sexan 100% reciclables, eliminar o sobreenvasado e potenciar o uso de materiais reciclados e de orixe renovable.

Ademais, a comezos do 2019 implantou unha gama ampla de solucións sostibles para substituír a bolsa da compra de plástico convencional. Por exemplo, introduciu unha nova bolsa de papel co selo FSC® mixto (Forest Stewardship Council), certificación que acredita que a fibra do papel provén de bosques xestionados de xeito sostible ou de material reciclado, e é 100% reciclable; outra bolsa compostable, fabricada con materiais de orixe vexetal renovable e que se pode reutilizar como bolsa de lixo para a fracción orgánica; e tamén unha bolsa reutilizable de plástico, 100% reciclable e que ten como materia prima plástico reciclado polo menos nun 55%. Xunto a esas novas solucións sostibles EROSKI segue a manter a alternativa de uso da súa bolsa reutilizable, que está fabricada cun 70% de material reciclado, e a súa bolsa solidaria reutilizable en tea, que é boa de encartar para levar no peto, bolso ou no compartimento do coche e que axunta respecto ao medio natural e solidariedade, xa que a totalidade dos beneficios da súa venda se dedican a causas solidarias.

Compromiso co medio natural

A cooperativa é unha compañía fortemente comprometida co respecto ao medio natural e para iso desenvolve diversas iniciativas que teñen como obxectivo minimizar o impacto da súa actividade no contorno no que opera. O uso sostible dos recursos, a redución da súa pegada ambiental, a xestión de residuos seguindo un modelo de economía circular, a preservación da biodiversidade... son imperativos ineludibles que EROSKI recolle nos seus renovados [Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#), que presentou o pasado ano e nos que tamén se enmarcan as novas solucións de bolsas da compra máis sostibles.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)